

LUGARES MÁXICOS DA COMARCA ▶ O tópico da Galicia remítenos a unha paraxe verde chea de maxia e mitos. Fontes milagrosas, aparicións, ritos e curacións son as temáticas máis abundantes. Cando os sucesos se alonxan no tempo a cultura oral adórnaos ao seu gusto. Queda agora na mente do lector colocar a liña que separa o mito da realidade

A historia que as pedras contan

POR: ESTELA CARDALDA VIDAL
FOTOS: CARLOS G. FERNÁNDEZ

'**MOUCHOS**, curuxas, sapos e bruxas. Demos, trasgos e diáños, espíritos das nevoadas veigas. Corvos, pínegas e meigas, feitizos das menciñeiras. Podres cañotas furadas, fogar dos vermes e alimañas. Lume das Santas Compañas, mal de ollo, negros meigallos, cheiro dos mortos, troños e raios'.

A Galicia meiga coñecida por todos queda descrita no conxuro da queimada, moi tradicional na nosa cultura. Un mundo máxico cheo de lendas e milagres se debuxa nas nosas paisaxes. Cada lugar da nosa xeografía ten unha historia que contar. Unha igrexa, una fonte, una pedra ou unha ponte poden albergar no seu interior as tradicións practicadas polos nosos devanceiros.

O escritor e xornalista Carlos Gabriel Fernández preséntanos no seu libro '50 lugares mágicos de Galicia' a cara máis exotérica da nosa comunidade autónoma onde ademais se poderán descubrir paisaxes naturais.

Esta viaxe nas palabras comeza no concello de Cotobade, concretamente no sur, na parroquia de Augasantas, onde se erixe un santuario arredor da historia dunha muller cega que recupera a vista tras fregar os seus ollos coa auga dunha fonte.

Cando a parroquia de Augasantas non contaba aínda cunha igrexa propia, os devotos escoitaban a misa en Caroi, situado a sete quilómetros de distancia. A lexanía e os escarpados camiños non dificultaban aos fieis o seu camiñar xa que as duras condicións do lugar farían desistir ao máis crente.

Un domingo unha anciá que carecía do sentido da vista pediu-lle ao seu guía que fixera un alto no seu camiño a Caroi e pararon nunha fonte de Augasantas. A anciá mollou a súa cara coas augas e os seus ollos enchéronse de vida, segundo conta a tradición popular. A historia non remata aí, xa que como relata o padre Andrés Solla no seu libro, a anciá, guiada por un impulso, camiñou cara unha zona de maleza despois de recuperar a vista. Alí a muller atopouse cunha figuriña da Virxe. A historia conta que a imaxe lle falou á anciá pedíndolle que construíra naquel lugar unha igrexa onde se rendese culto a súa imaxe. Logo de correrse a voz, os frades do mosteiro de Tenorio promoveron a construción dun novo templo, comprometéndose a ir dar a misa.

Xunto a igrexa existe unha fonte coa inscrición 'Dios es fuente de salud y te mira con clemencia, pues por curar tu dolencia puso a



esta agua su virtud'. A auga desta fonte procede dun manancial que quedou baixo o altar da igrexa que foi canalizado cara o exterior do recinto. Sobre esta fonte hai una imaxe da santa igual a que atopou a anciá, segundo afirma Miguel Perdiz Rivas. Esta figuriña medía uns 70 centímetros de alto e estaba feita dunha madeira moi rara que só existía en palestina.

O nome de Augasantas non é unha casualidade, xa que a fonte de San Vincenzo, tamén nesta parroquia, ten ao seu redor unha historia semellante, só que nesta ocasión quen recuperou a vista foi un home ao que o seu burro lle cuspiu auga nos ollos. En outras versións dise que foi o animal o que se curou e noutra que mellorou dunha enfermidade.


COMBA. Moitos dos santos aos que agora veneramos antes de gañar o ceo eran bruxos e meigas, como é o caso de Santa Comba, unha santa popular que se confunde coa oficial. Conta a historia que ela participaba nos aquelarres de Coiro, os mesmos polos que condenaron á famosa meiga María Soliña de Cangas. Pero a Columba oficial, unha santa francesa que morreu no século III e da que

Augas máxicas Unxidos nunha ponte románica antes do nacemento

As augas son un dos elementos máxicos máis abundantes, debe ser porque na Galicia non escasea e os ríos, regatos e mares fixeron que a vida dos nosos devanceiros xirase entorno a súa grandeza.

Un curioso ritual practicado na nosa terra e coñecido como bautismo anticipado ou prenatal. Nesta cerimonia colocábanse dous parentes nos extremos dunha ponte agardando en silencio a que algunha cruzara. Esta persoa convertíase no padriño do bautizo e vertía auga cunha cuncha de vieira sobre o ventre da embarazada e logo bótalle sal, aínda que existen diferentes versións. Este ritual tiña que facerse en determinadas pontes, nas que separaban dúas localidades como é o caso da Ponte Nova en Cotobade, que une San Xurxo con Fentáns ou a de Pontesampaio entre Pontevedra e Soutomaior.

Este ritual remataba cunha comida e as sobras eran tiradas ao río.



Santuario da Nosa Señora de Augasantas Cotobade, fonte cercana ao santuario, ponte nova de Cotobade, ponte de Pontesampaio, ermida de Santa Comba en Bértola (de esq. a dta. e de arriba a abaixo). C. FDEZ.

pouco se sabe, ten numerosas igrexas consagradas ás que se lles atribúen estrañas capacidades, como á de Bértola, no municipio de Vilaboa.

SAN VICENTE. Non tódolos mitos teñen que ir da man dos milagres, como é o caso da ermida erixida na honra de San Vicente, situada no concello de Ponte Caldelas. Esta capela está situada nun lugar moi apartado e no seu recinto máis

próximo se atopa unha pedra cunha forma antropomorfa escavada, que semella ter sido un sepulcro. Este burato sempre se atopa cheo de auga, pero esta non ten ningunha cualidade sobrenatural, aínda que entre os veciños do lugar circula unha lenda na que se di que aí estivo soterrado San Vicente.

Cada 21 de xaneiro celébrase unha romería a pesar de que ningún cre xa na lenda, pero segue sendo motivo de curiosidade.